



O 1 de abril de 2019 vimos de celebrar o Día das Artes Galegas dedicado á figura de Luís Seoane. Tendo presente esta efeméride, o Equipo da **Biblioteca do IES Mendiño** de Redondela quixo realizar unha homenaxe a esta figura fundamental das Artes Galegas na cal colaboraron os departamentos de Lingua Castelá, e de Lingua Galega e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso centro.

Partindo da temática anual das Bibliotecas Escolares, **Poéticas diversas na Biblioteca Escolar**, elaboramos unha versión ampliada da ilustración realizada por Luís Seoane para o volume monográfico titulado “Presencia de Galicia”, que foi publicado por Edicións do Castro no ano 1975 para os *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia* (vol. 3). Nesa ilustración Luís Seoane deseña unha árbore literaria onde fai un percorrido pola Literatura Galega, partindo das raíces (nas cales sitúa a transmisión oral, a tradición, a historia, a mitoloxía...), pasando polo tronco e primeiras ramas da lírica trobadoresca galego-portuguesa (onde salienta autores como Afonso X, Pero Meogo, Martín Codax ou Don Dinís) e chegando ás ponlas dedicadas ás figuras de Rosalía de Castro, Curros, Castelao ou Risco, entre outras. Empregamos para facelo papel branco, rotuladores permanentes, lapis e xis de cor.

Alén disto, o alumnado de 4º da ESO e o profesorado que se uniu á homenaxe realizaron textos líricos creativos, tomando como base textos orixinais das figuras e épocas literarias presentes no deseño de Luís Seoane. Eses textos creativos foron situados arredor do deseño e unidos a este mediante cordas, xuntando, deste xeito, arte e poesía, é dicir, a nosa homenaxe a Luís Seoane no *Día das Artes Galegas 2019* e as actividades que circunscribimos a *Poéticas diversas na Biblioteca Escolar* no IES Mendiño.

Participaron na elaboración do deseño e dos textos literarios o alumnado e profesorado das materias de *Literatura Universal*, *Lingua castelá e literatura* e de *Lingua e literatura galega*, respectivamente, dos niveis académicos de 1º de Bacharelato e 4º da ESO, así como o profesorado dos devanditos departamentos e do EDLG.

Así mesmo, complementamos a nosa homenaxe coas infografías que Patrimonio enviou ao centro pola efeméride.

